

ORZAMENTO
DA USC

2007



Consello de Goberno, 27 de decembro de 2006

Introdución

Unha vez dado cumprimento ao establecido no artigo 172 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, de presentar ao Claustro Universitario por parte do Consello de Dirección as LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2007, que as aprobou en sesión do 21 de decembro do 2006, presentouse unha formulación máis detallada do documento orzamentario ao Consello de Goberno, incorporando as suxestións do Claustro Universitario, para a súa análise e aprobación, para logo enviálo ao Consello Social para sometelo á súa aprobación definitiva.

O ano 2006 completou a terna de exercicios económico-financeiros orientados á recondución dunha crise económica sen parangón na historia recente da USC. O Plano de Equilibrio Económico-Financeiro 2004-2006 (PEEF) concluíu coa elaboración do primeiro orzamento equilibrado nun lustro, reconducíndose así un crecente desequilibrio estrutural entre ingresos e gastos. O orzamento que se propón para o ano 2007 trátase, pois, do primeiro elaborado fora do PEEF, pero aínda inmerso nunha situación económica difícil. Como se vén manifestando dende o Consello de Dirección, eponse de manifesto unha vez mais neste orzamento, o ter recuperado o pulso económico non supón contar cos recursos suficientes para facer fronte ás necesidades básicas que se derivan da posición que ocupa a USC dentro do Sistema Universitario Galego (SUG) e Estatal. Estamos inmersos nun Plan de Financiamento do SUG 2005-2010 que está lonxe aínda de achegar ao SUG, e á USC en particular, os recursos acordados ás necesidades económicas da nosa Universidade, incluso para aquelas actividades que consideramos básicas.

O financiamento público que recibía a USC no ano 2004 a situaba entre as dez últimas das 47 universidades públicas españolas, a metade das mellor financiadas, debendo facer fronte cos recursos recibidos ás necesidades dunha universidade que en dotacións e resultados se atopa entre as dez primeiras do Estado español. Estas diferenzas son aínda maiores se nos comparamos co espazo europeo no que nos queremos situar.

É por iso que consideramos necesario instar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a reformular o vixente Plano de Financiamento, coa finalidade de acadar á maior brevidade posible o obxectivo de achegar ao SUG o 1% do PIB galego, contemplando ademais os incrementos necesarios ao final da década en condicións adecuadas no Espacio Europeo de Educación Superior. Para iso abordaremos o deseño dunha Programación Plurianual para a USC que sirva para fundamentar a reclamación externa dos recursos necesarios e de guía interna á toma de decisións. Neste sentido, pensamos someter ao Claustro dita Programación Plurianual para os exercicios 2007-2010 no primeiro cuadrimestre do ano 2007.

Este ano 2007 será, pólo tanto, un ano de transición entre a fase de recondución da situación económica e a de consolidación económica, que se iniciará no exercicio económico relativo ao ano 2008.

Xunto ao anterior, o novo escenario xurdido tralo proceso electoral recentemente celebrado, vese tamén materializado nos obxectivos recollidos neste orzamento.

Marco financeiro

Para o exercicio 2007 a aplicación do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2005-2010, recollida no proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2007, que actualmente se tramita no Parlamento de Galicia, contempla a seguinte evolución dos seus fondos diferenciados:

- *Financiamento incondicionado*: Incremento do 8,9% respecto do exercicio 2006.
- *Fondo de calidade*: Incremento do 13% respecto do exercicio anterior. Neste fondo, ademais dos sexenios de investigación e dos complementos autonómicos, inclúense os recursos para os contratos-programa e o financiamento incondicionado de apoio á investigación, partidas estas últimas nas que a USC acadou o 50 % dos seus recursos no ano 2006.
- *Fondo para investimentos*: Esta partida mantén a súa contía total respecto dos exercicios anteriores.

O total de ingresos que se prevé que ingrese a USC durante o ano 2007, no marco do Plan de Financiamento do SUG, ascende a 130,4 millóns de euros, un 8,6% mais que no exercicio anterior. O financiamento anterior é complementado para a USC cunha achega adicional de 1,35 millóns de euros de apoio á súa recuperación económica impulsada polo PEEF. Ademais, á marxe da reformulación do Plan de Financiamento do SUG previsto para o exercicio 2008, a USC reclamará a operatividade xa no exercicio 2007 da cláusula prevista na actual redacción do Plan en relación aos recursos adicionais necesarios para a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Xunto a estes ingresos derivados do Plan de Financiamento, a USC vén redobrando esforzos co obxectivo de acadar recursos adicionais á marxe del, tanto no ámbito do sector público como no privado.

- Neste senso, destacamos a inclusión no orzamento do resultado da convocatoria FEDER 2005-2006 no que se acadaron 7,2 millóns de euros, aos que deberán engadirse no seu día a incorporación como remanentes –ao dotarse xa o crédito no exercicio 2006–, de 13,7 millóns de euros de axudas en forma de anticipos reembolsables do Ministerio de Educación e Ciencia, cuxa devolución será asumida pola

Comunidade Autónoma de Galicia. Este financiamento condicionado ten como destino o financiamento das infraestruturas de investigación, CIQUS, CIMUS e os laboratorios de Ciencias en Lugo.

- Polo que se refire a recursos privados, a USC ten asinado acordos de colaboración que lle supoñen uns ingresos de 1,8 millóns de euros non finalistas empregados no financiamento de obxectivos propios.

Continuar nesta liña de acadar recursos adicionais mediante a busca de intereses comúns a outros axentes, tanto públicos coma privados, permitirá á universidade desenvolver accións complementarias ás súas funcións básicas de docencia e investigación e engadir novas actuacións ás recollidas nestes orzamentos.

Finalmente, en relación ao marco financeiro, o Consello de Dirección considera necesario impulsar un proceso interno de corresponsabilidade financeira, que garanta de forma máis equitativa a contribución das unidades ao mantemento dos custos que xeran os servizos que se lles presta de forma centralizada. Para iso articularanse os procedementos contables que permitan unha imputación axustada dos custos das actividades.

Obxectivos orzamentarios

Como exercicio de transición cara á consolidación da situación económica, elaboramos un orzamento contido en gastos, concentrado os esforzos no que entendemos como compromisos e decisións estratéxicas primarias, apostando sobre todo pola consolidación do noso persoal.

Neste senso, as dispoñibilidades financeiras previstas para este ano 2007 oriéntanse principalmente cara os seguintes obxectivos:

- O persoal constitúe unha das apostas que maiores recursos financeiros engadidos require para o ano 2007, nesta liña, abordaremos a segunda e case definitiva fase de consolidación do cadro de persoal de PDI no relativo á transformación dos contratos pre-LOU. Asemade, iniciamos unha imprescindible fase de regularización que terá a súa continuidade na consolidación e mellora do cadro de Persoal de Administración e Servizos, reforzando a estrutura xerencial con un deseño de vicexerencias e direccións de área que atenda aos ámbitos principais de decisión e administración ao tempo que reforzamos diversas áreas de crecente responsabilidade e actividade, como son, entre outras, as de xestión nos centros e de calidade.
 - Crearase unha Área de Calidade e Mellora dos procedementos, de carácter transversal, coa finalidade de potenciar a calidade en todos os ámbitos e en especial na xestión, levando a cabo unha progresiva avaliación dos servizos na procura da optimización dos procesos.

- Durante o ano 2007, e xa coa nova estrutura xerencial operativa, avanzaremos nun deseño integral do cadro de persoal de PAS, apostando por procesos de formación e maior cualificación, continuando cos procesos de estabilización e reforzo de ámbitos concretos, vía novas incorporacións e reorganización de recursos humanos, que atenda aos fluxos reais de traballo.
 - O cumprimento dos compromisos contemplados nos Estatutos en relación coa estabilización e a promoción do PDI, supoñen un obxectivo prioritario das dispoñibilidades financeiras do exercicio 2007, no que se inclúe o custo completo dos procesos materializados no ano 2006 e as previsións de transformación para realizar no 2007.
 - No exercicio 2007 iniciarase o plan de reequilibrio das dotacións de persoal docente, que será cuantificado na Programación Plurianual 2007-2010, segundo as dispoñibilidades financeiras para os exercicios futuros.
- A docencia e a investigación, como prioridades, seguen a acaparar cantidades importantes dos recursos orzamentarios, destacando aqueles que son xestionados de forma descentralizada. Con estes recursos preténdese afondar nos procesos iniciados en exercicios anteriores de reparto iniciando novos programas que, en correspondencia cos obxectivos de calidade, introduzan ás unidades estruturais -centros, departamentos e institutos-, na cultura de asociar recursos recibidos a obxectivos, coa finalidade de afondar nunha asignación máis eficiente deles no marco dos obxectivos das unidades e os da institución no seu conxunto.
 - Orzaméntanse créditos para continuar e impulsar as accións previstas no Plan de Calidade en docencia, investigación e servizos de apoio, e para financiar acordos de interese mutuo que se deriven da planificación estratéxica que se está a desenvolver nas unidades estruturais.
 - Inclúense de novo no orzamento créditos específicos para avanzar nunha progresiva integración no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).
 - As TIC seguen a ser unha das prioridades da acción durante o exercicio 2007, evidentemente restrinxida ao marco das dispoñibilidades orzamentarias.
 - Este orzamento segue a considerar prioritaria a orientación dos recursos dispoñibles, tras facer fronte ás necesidades antes referidas, cara a execución das obras de reparacións, anovacións e mellora dos edificios (RAM), así como das novas infraestruturas en marcha e previstas. Neste senso, consideramos prioritario a inclusión dentro da Programación Plurianual que se vai presentar proximamente ao Claustro para os anos 2007-2010, dun plan específico de investimentos neste ámbito que, xunto coas obras xa previstas, contemple de forma priorizada as novas necesidades coa correspondente previsión de execución plurianual.

- Dótase aos servizos á comunidade universitaria e a extensión cultural de recursos para seguir afondando nunha maior calidade de vida nos campus e fomentando a participación e a integración da comunidade universitaria en xeral e a estudantil en particular.
- Os procesos de transferencia de coñecemento e dos resultados do desenvolvemento tecnolóxico así como a cultura emprendedora, seguen a constituír un obxectivo prioritario.
- Impulsaremos liñas de actuación que intensifiquen a proxección social e internacional da USC e das súas actividades no camiño da definición dun Plano de Internacionalización e de Comunicación que permita un impulso a medio prazo dos dous ámbitos.
- No exercicio 2007 o orzamento debe facer fronte xa de forma importante á carga financeira derivada dos procesos de endebedamento do proceso de reequilibrio contemplado no PEEF.
- Finalmente, os obxectivos anteriores deben ser conxugados co proceso de descentralización na execución orzamentaria que vén desenvolvendo a Universidade, dando resposta á súa realidade bicampus, co obxectivo de acadar unha administración máis eficiente e eficaz na xestión dos recursos.

O orzamento que aquí se presenta supón, pólo tanto, un claro exercicio de contención no gasto que deberá axustarse segundo a evolución efectiva dos ingresos, a priorización estratéxica na administración dos recursos e unha aposta pola planificación estratéxica e temporal dos investimentos. Por outra banda, temos claro que a execución dos orzamentos durante o ano 2007 debe ir acompañada dun intenso e comprometido proceso que mude a estrutura e a lóxica do gasto e recorte este onde sexa posible; de situar fora do orzamento ou buscar fórmulas de cofinanciamento de certos servizos non básicos para a docencia ou a investigación; de reorganización de recursos humanos, medios técnicos, espazos, etc.; de captación de recursos externos; de actualización dos prezos de certos servizos prestados tanto á comunidade universitaria como externamente; realización de estudos de xestión e custo das sociedades participadas pola USC co fin de que non solapen aos servizos xa existentes. Nesta liña xa está a traballar o Consello de Dirección coa idea de definir un abano de medidas que permitan unha maior eficacia, eficiencia e equidade no gasto.

O Claustro aprobou unha enmenda para o orzamento do exercicio 2007 pola que os créditos repartidos a Centros para actividades relacionadas coa docencia, subministros e equipamento docente, se incrementen no exercicio 2007 nun 12% sobre a cantidade distribuída en 2006. As cantidades que figuran no orzamento agora presentado nesas partidas –22100 e 62600–, son as distribuídas aos centros no ano 2006, á espera de que o Consello de Goberno, a proposta do Consello de Dirección, decida desde que partidas se transfiren as cantidades necesarias para que as mencionadas partidas se incrementen na porcentaxe acordada.

O orzamento que se presenta contempla un cambio respecto das Liñas Xerais aprobadas no Claustro ao ubicar a cantidade transferida ao Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, que figuraba como Transferencia de Capital –Capítulo VII–, no Capítulo de Transferencias correntes –Capítulo IV–, atendendo ao pedimento de última hora deste Organismo.

Ingresos e Gastos Resumo Xeral

O proxecto de orzamento da USC para o ano 2007 ascende a 208,6 millóns de euros nos seus estados de ingresos e gastos, o que supón un incremento respecto á previsión inicial do exercicio 2006 do 5,28%. Polo que respecta aos ingresos, este incremento ten a súa orixe principalmente na evolución do financiamento derivado do Plan de Financiamento do SUG, cuxas partidas medran case un 8,6% respecto ao ano anterior, o que compensa parcialmente a diminución dos ingresos por prezos públicos derivada da continua diminución dos alumnos. En relación cos gastos, a aposta pola consolidación do persoal, tanto docente e de investigación como de administración e servizos, supón dedicar a maior parte das disponibilidades orzamentarias a cubrir o incremento do capítulo I por estes conceptos, ao que se deben engadir as derivas dos gastos correntes de funcionamento de servizos externos -mantementos, subministracións, limpeza, etc-, o incremento da carga financeira e as achegas adicionais ás accións estratéxicas fixadas neste orzamento para o ano 2007.

No cadro nº 1 recóllese os resumos do estado de ingresos e gastos clasificados por capítulos, de acordo coa preceptiva clasificación por natureza económica.

Cadro 1: Resumo do orzamento do 2007 por capítulos

Ingresos		
	Euros (miles)	% total
III. Prezos públicos e outros ingresos	37.187,50	17,82%
IV. Transferencias correntes	136.071,07	65,21%
V. Ingresos patrimoniais	555,00	0,27%
Total operacións correntes	173.813,57	83,30%
VI. Alleamento de investimentos reais	--	--
VII. Transferencias de capital	34.843,18	16,70%
VIII. Variación de activos financeiros	--	--
IX. Variación de pasivos financeiros	--	--
Total operacións de capital	34.843,18	16,70%
Total operacións financeiras	--	--
TOTAL INGRESOS	208.656,75	100,00%

Gastos		
	Euros (miles)	% total
I. Gastos de persoal	129.410,77	62,02%
II. Gastos en bens correntes e servizos	26.305,47	12,61%
III. Gastos financeiros	1.647,55	0,79%
IV. Transferencias correntes	2.824,19	1,35%
Total operacións correntes	160.187,98	76,77%
VI. Investimentos reais	43.821,04	21,00%
VII. Transferencias de capital	--	--
VIII. Variación de activos financeiros	--	--
IX. Variación de pasivos financeiros	4.647,73	2,23%
Total operacións de capital	48.468,77	23,23%
Total operacións financeiras	4.647,73	2,23%
TOTAL GASTOS	208.656,75	100,00%

Orzamento de Ingresos

Recóllense no cadro nº 2 as previsións financeiras que dan contido ao estado de ingresos do orzamento da USC para o exercicio 2007, agrupados por capítulos segundo a correspondente clasificación económica. Analizamos deseguido os aspectos máis salientables respecto da estimación de ingresos que financia o orzamento da nosa Universidade.

Cadro 2
Orzamento de ingresos da USC (en miles de euros)

Estrutura Económica		2006	2007	% var. s/2006
III.	Prezos públicos e outros ingresos	37.528,00	37.187,50	-0,91%
IV.	Transferencias correntes	125.155,40	136.071,07	8,72%
V.	Ingresos patrimoniais	372,00	555,00	49,19%
	Total operacións correntes	163.055,40	173.813,57	6,60%
VI.	Alleamento de investimentos reais	--	--	--
VII.	Transferencias de capital	29.786,50	34.843,18	16,98%
VIII.	Variación de activos financeiros	1.807,00	--	--
IX.	Variación de pasivos financeiros	3.547,27	0,00	-100,00%
	Total operacións de capital	35.140,77	34.843,18	-0,85%
	Total operacións financeiras	5.354,27	0,00	-100,00%
	TOTAL INGRESOS	198.196,17	208.656,75	5,28%

III.1. Operacións correntes

O orzamento de ingresos recolle nos seus capítulos terceiro ao quinto os ingresos por operacións correntes. O importe estimado nestas operacións para o ano 2007 ascende a 173,8 millóns de euros, o que representa o 83,30% dos ingresos totais inicialmente presupostados e proceden, na súa meirande parte, das transferencias correntes -65,21%- e dos prezos públicos e outros ingresos -17,82%-, sendo marxinais os ingresos patrimoniais -0,27%-.

Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos

Este capítulo inclúe os ingresos derivados dos servizos de carácter académico e o resto de servizos que a USC oferta á sociedade, estimándose unha previsión de

ingresos para o ano 2007 duns 37,2 millóns de euros, o que supón unha diminución de case un 1% respecto da cantidade inicialmente orzamentada no exercicio 2006.

A evolución dos ingresos por servizos non relacionados coas taxas de matrícula de estudos oficiais segue a ser positiva, en especial os derivados dos contratos e convenios de investigación permitindo compensar parcialmente a diminución dos ingresos por prezos de matrícula derivada da evolución do número de alumnos matriculados, aínda que, globalmente, estes ingresos se veñen reducindo de forma continuada nos últimos anos. A estimación dos ingresos por matrícula incluídos no orzamento de 2007 fíxose partindo da liquidación prevista para o ano 2006, actualizándose o seu importe coa media de subida de prezos e unha diminución estimada do número de alumnos do 4% para o vindeiro curso académico. Asemade, para o curso 2007/2008 a USC artellará a formula que permita que a exención de matrícula para os fillos do persoal da Consellería de Educación non sexa asumida polo orzamento da propia USC.

Capítulo IV. Transferencias correntes

A previsión de ingresos orzamentada no capítulo de transferencias correntes para o ano 2007 ascende á cantidade de 136,1 millóns de euros, o que representa o 65,21% dos recursos totais do presuposto da Universidade. Esta estimación supón un incremento do 8,72% respecto do orzamento do ano 2006, e ten a súa orixe, fundamentalmente, na evolución dos fondos que, con carácter corrente, achega o Plan de Financiamento do SUG para este exercicio.

Os conceptos máis salientables dos ingresos por transferencias correntes son os seguintes:

- O financiamento básico incondicionado recollido no Plan de Financiamento do SUG por importe de 119,9 millóns de euros, aos que se engaden 1,35 millóns de euros como axuda adicional para a USC en relación co seu PEEF.
- Os ingresos estimados para a USC do fondo para contratos-programa do Plan de Financiamento do SUG por importe de 1,5 millóns de euros.
- Dúas partidas finalistas de 3,53 e 2,7 millóns de euros, que teñen por obxecto cubrir os gastos derivados da avaliación positiva de tramos de investigación e dos complementos autonómicos para o persoal docente e investigador.
- O ingreso, igualmente finalista, de 4,1 millóns de euros derivado do acordo co SERGAS.
- Finalmente, entre o resto de conceptos do capítulo IV, de menor importancia relativa, destacan os convenios con empresas e entidades financeiras –por importe de 1,8 millóns de euros- e o financiamento externo asociado a programas específicos por importe de 1,1 millóns de euros.

Capítulo V. Ingresos patrimoniais

Este capítulo recolle a previsión dos ingresos para o ano 2007 pola utilización dos activos que integran o patrimonio da Universidade por parte de terceiros -xuros e concesións administrativas principalmente-. O importe inicialmente previsto ascende á contía de 0,55 millóns de euros, cantidade lixeiramente superior á prevista en exercicios anteriores por mor da evolución dos tipos de xuros.

III.2 Operacións de Capital

As operacións de capital aglutinan os recursos provenientes dos capítulos VI, VII, VIII e IX do orzamento de ingresos. Deles, os dous últimos capítulos conforman as coñecidas como operacións financeiras.

A cantidade inicialmente orzamentada para o ano 2007 no conxunto das operacións de capital acada a cifra de 34,8 millóns de euros, o que representa o 16,7% do total do presuposto de ingresos, cunha diminución respecto ao exercicio anterior de case un 1%, debido á non consideración de operacións de endebedamento. A totalidade da cantidade se corresponde con transferencias de capital.

As cantidades orzamentadas para o exercicio 2007 deberán engadirse no seu día a incorporación como remanentes dos ingresos finalistas dotados no exercicio 2006, principalmente relacionados coas novas infraestruturas, en fase de execución.

Os aspectos máis salientables da desagregación das operacións de capital, atendendo á clasificación económica, son os seguintes:

Capítulo VII. Transferencias de capital

Recóllense neste capítulo o conxunto de subvencións e transferencias que recibe a USC para gastos de capital, na súa meirande parte con carácter finalista, é dicir, con destino predeterminado polo organismo subvencionador. Para o ano 2007 a previsión de ingresos por estes conceptos elévase a 34,8 millóns de euros, cantidade un 17% superior á do ano anterior.

Das cantidades integradas neste capítulo cómpre destacar:

- Transferencias da Comunidade Autónoma correspondentes a novos investimentos e RAM, incluídas no Plan de Financiamento do SUG, por importe de 5,8 millóns de euros e ao apoio á investigación por importe de 3,2 millóns de euros.
- A estimación da execución durante o ano 2007 dos investimentos concedidos, dentro do programa FEDER, para os edificios: Centro de Investigacións Químicas da USC (CIQUS), Centro de Investigacións Médicas da USC (CIMUS) e a reforma da Facultade de Ciencias de Lugo, cifrada en 7,2 millóns de euros. As cantidades que cofinancian estas actuacións procedentes dos créditos reintegrables incorpóranse como remanentes afectados ao terse dotado no ano 2006.

- As cantidades conveniadas coa Consellería de Sanidade para o financiamento do Aulario do denominado Campus de Ciencias da Saúde. A cantidade pendente dos compromisos asumidos pola Consellería ascende a 1 millón de euros para o ano 2007.
- 1,1 millóns de euros procedentes da Comunidade Autónoma para a amortización das axudas reintegrables acadadas pola USC nos exercicios 2005-2006.
- Finalmente, o apartado máis significativo neste capítulo é a presupostación, tanto en ingresos como en gastos, da anualidade prevista para o exercicio 2007 dos proxectos e infraestruturas de investigación, resultado de convocatorias competitivas, que son financiados pola Comunidade Autónoma, Administración Central e Unión Europea, que tendo en conta a súa evolución recente supoñen unha estimación aproximada duns 15 millóns de euros para o vindeiro exercicio.

Presuposto de Gastos

O estado de gastos que se propón como orzamento da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2007 recóllese no cadro nº 3, mediante a correspondente clasificación por capítulos. Para a súa análise, dende a vertente económica dos créditos que o integran, debemos de ter en conta que o presuposto clasifica nos seus capítulos primeiro ao cuarto os gastos por operacións correntes que acadan para o exercicio presupostado a contía de 160,1 millóns de euros, o que representa o 76,73% do total de gastos. Nos capítulos sexto ao noveno inclúense as denominadas operacións de capital, que recollen as variacións na estrutura do patrimonio da nosa institución, prevíndose unha dotación inicial de 48,5 millóns de euros, o que representa o 23,27% do total dos gastos programados para o ano 2007 pola nosa Universidade.

Cadro 3

Orzamento de gastos da USC (en miles de euros)

Estrutura Económica		2006	2007	% var. s/2006
I.	Gastos de persoal	121.220,74	129.410,77	6,76%
II.	Gastos en bens correntes e servizos	24.907,17	26.305,47	5,61%
III.	Gastos financeiros	1.060,00	1.647,55	55,43%
IV.	Transferencias correntes	2.968,80	2.824,19	-4,87%
	Total operacións correntes	150.156,71	160.187,98	6,68%
VI.	Investimentos reais	47.647,27	43.821,04	-8,03%
VII.	Transferencias de capital	83,19	--	-100,00%
VIII.	Variación de activos financeiros	--	--	--
IX.	Variación de pasivos financeiros	309,00	4.647,73	1.404,12%
	Total operacións de capital	48.039,46	43.821,04	-8,19%
	Total operacións financeiras	309,00	4.647,73	1.404,12%
	TOTAL GASTOS	198.196,17	208.656,75	5,28%

Capítulo I. Gastos de persoal

Os créditos previstos para este capítulo no orzamento do exercicio 2007 ascenden a 129,4 millóns de euros, o que supón un crecemento respecto ao exercicio anterior do 6,76% e representan, con diferenza, o maior peso porcentual dentro do total de gastos da Universidade, un 62%, o cal ten a súa lóxica en tanto que é unha institución centrada na docencia e a investigación, actividades con necesidades importantes de recursos humanos.

Ao analizar os gastos de persoal, resulta importante diferenciar dentro deste capítulo os gastos que levan asociados directamente financiamento externo, como é o caso dos sexenios de investigación e os complementos autonómicos, os pagamentos realizados ao abeiro do concerto entre a USC e o SERGAS ou os asociados a determinados convenios, do resto de gastos de persoal, que deben ser financiados cos recursos incondicionados dos que dispón a USC. Estes gastos de persoal financiados con recursos propios experimentan para o exercicio 2007 un importante incremento pola materialización dos compromisos de estabilización e promoción do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos.

A evolución prevista para o capítulo I de gastos de persoal obedece, ademais, aos seguintes motivos:

- Aplicación das actualizacións anuais do IPC (2 %) e dos acordos que xa a nivel estatal ou autonómico, como dentro da propia universidade, se teñen recoñecido para o persoal.
- Ao igual que en exercicios anteriores, mantense o importante crecemento vexetativo dos complementos retributivos do persoal docente e investigador, tales como trienios, dedicación docente, produtividade investigadora e complementos autonómicos, todo isto como consecuencia do especial réxime retributivo do profesorado e da composición do cadro de persoal.
- Recursos necesarios para os procesos de consolidación de emprego e das novas creacións consideradas necesarias dentro do PDI como do PAS.
 - Neste senso inclúense os custos previstos nos axustes da RPT de PAS que se someterá proximamente ao Consello de Goberno.
 - En relación ao PDI prevese iniciar no exercicio 2007 un proceso de reequilibrio entre áreas que será cuantificado na Programación Plurianual 2007-2010 segundo as previsións de dispoñibilidades futuras, tendo en conta tanto as necesidades docentes como de investigación das áreas.
- A estimación do compromiso derivado do Concerto co SERGAS, de realizar o pagamento do complemento retributivo asistencial dos profesores que traballan no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, supón un montante de 4,2 millóns de euros.
- De cara ao exercicio 2008 levarase a cabo un estudo sobre a viabilidade de artellar un plan de xubilación anticipado que permita rexuvenecer nos vindeiros anos o cadro de persoal.

Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos

Para o capítulo de gastos en bens correntes e servizos estímase unha necesidade de recursos por importe de 26,3 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,61% respecto do exercicio 2006.

Este incremento é o resultado da dotación financeira necesaria para facer fronte aos fortes incrementos dos subministros e servizos externos. A evolución dos gastos en subministros enerxéticos –con incrementos do 25% nos últimos anos–, e dos servizos de limpeza e seguridade, consumen o incremento da dotación orzamentaria deste capítulo.

Cabe salientar, con relación á dotación deste capítulo, os seguintes aspectos:

- Aos programas de calidade da docencia e os servizos, ás medidas en relación coa planificación estratéxica dos departamentos –cos que se establecerán contrato-programas nos que se terán en conta entre outros compromisos o incremento do uso do galego na docencia– e Institutos de Investigación e ás accións en materia de EEES dedícanse créditos por importe de 1,2 millóns de euros.
- O gasto estimado como necesario para o servizo de limpeza ascende a 7,5 millóns de euros, o que supón un incremento do 11% respecto ao exercicio anterior.
- O gasto asociado a subministros ascende a 4,1 millóns de euros.
- Inclúese unha partida de 0,75 millóns de euros para facer fronte ás obrigas derivadas dos acordos relacionados co IBI e indemnizacións fixadas por decisións xudiciais.
- Contémplase un crédito xenérico de 2,4 millóns de euros –2,7 millóns de ingresos menos o 10% para gastos e investimentos comúns– para os cursos de posgrao e especialización.
- Así mesmo, inclúense neste capítulo II partidas de apoio ao acceso dos estudantes á USC, a integración, sostibilidade e solidariedade.

Capítulo III. Gastos financeiros

A previsión de gastos financeiros para o exercicio 2007 ascende a 1,6 millóns de euros o que representa o 0,79 % do gasto total da universidade. Esta estimación fíxose segundo a previsión das cargas financeiras por xuros das débedas bancarias contraídas pola USC en exercicios anteriores dentro do Plan de Equilibrio Económico Financeiro, que ascenden a un total de 43,1 millóns de euros, nos que se inclúe xa a cantidade de 5,2 millóns de euros do Programa de Optimización Enerxética.

Capítulo IV. Transferencias correntes

O crédito previsto para este capítulo ascende a 2,7 millóns de euros, o que supón unha diminución do 7,6% respecto dos créditos inicialmente aprobados para o exercicio 2006. Destaca o mantemento dos recursos relacionados coa investigación, coa área TIC, e coa promoción do asociacionismo e proxectos estudantís de participación universitaria, así como o esforzo financeiro nas liñas de axuda e bolsas, complementarias respecto das concedidas por outras administracións públicas, e nas relacionadas con actividades de extensión universitaria. A diminución céntrase, ao igual que en anos anteriores, nas subvencións concedidas pola USC a entidades externas, fundacións, etc.

Capítulo VI. Investimentos reais

O orzamento da USC para o ano 2007 en materia de investimentos ascende a 43,8 millóns de euros, o que representa o 21% do total do presuposto de gastos da Universidade para este exercicio, cubrindo as previsións en materia de investimentos reais e de investigación.

Respecto das dotacións incluídas neste capítulo convén destacar as seguintes liñas de acción:

- En materia de RAM e novas infraestruturas orzáméntanse 10,8 millóns de euros para facer fronte as estimacións de execución do exercicio 2007 a integrar no Plan Plurianual de Investimentos a recoller na planificación plurianual a presentar proximamente ao Claustro.
- Para complementar as accións en RAM e obra nova, así como o uso racional dos espazos, no ano 2007 contarase cunha aplicación informática que permita unha adecuada xestión de espazos.
- Mantense o esforzo de dotación orzamentaria de recursos a repartir aos centros docentes para moblaxe e equipamento.
- Mantense o esforzo nas dotacións orzamentarias para adquisición de libros e publicacións periódicas. Neste senso, dende o Consello de Dirección estanse a estudar formulas que permitan manter o nivel do servizo –somos unha das universidades do Estado con maior gasto bibliográfico en termos absolutos e relativos– sen que a totalidade do seu custo recaia sobre o orzamento da USC.
- Continúa a aposta polas accións en materia de investigación, contando con recursos directamente asignados ás accións relacionadas coa investigación por importe de 2,9 millóns de euros, incluíndo as convocatorias propias, accións de promoción, financiamento de institutos e departamentos e a transferencia de resultados de investigación.
- Os créditos orzamentados para convenios, contratos e proxectos de investigación ascenden a 23 millóns de euros.

Capítulo VII. Transferencias de Capital

No capítulo de Transferencias de Capital aparecen orzamentados para o exercicio 2007 os créditos necesarios para facer fronte ás obrigas derivadas do convenio asinado pola USC co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, que ascenden a un total de 0,08 millóns de euros.

Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros

Recóllense neste capítulo os créditos destinados á amortización do endebedamento contraído pola Universidade. No Orzamento do ano 2007, e en correspondencia coas previsións recollidas en relación coa carga financeira, inclúense 4,6 millóns de euros correspondentes á amortización dos préstamos derivados do PEEF e do programa de axudas reembolsables para parques científicos e tecnolóxicos (por un importe conxunto de 3,5 millóns de euros financiados con recursos propios),

e dos préstamos reintegrables, cuxo pago asume en última instancia a Comunidade Autónoma, por importe de 1,1 millóns de euros.

ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2007

En virtude do disposto no artigo 81 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e no artigo 171 dos Estatutos da Universidade aprobados por decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, pola presente norma apróbanse os orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 2007, que acadan a contía inicial en ingresos e gastos de

1.- CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

INGRESOS **208.656.750,00**

Capítulo III.- Prezos públicos e outros ingresos	37.187.500,00
Capítulo IV.- Transferencias correntes	136.071.070,00
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	555.000,00
Capítulo VII.- Transferencias de capital	34.843.180,00

GASTOS **208.656.750,00**

Capítulo I.- Gastos de persoal	129.410.770,00
Capítulo II.- Gastos en bens correntes e servizos	26.305.470,00
Capítulo III.- Gastos financeiros	1.647.550,00
Capítulo IV.- Transferencias correntes	2.824.190,00
Capítulo VI.- Investimentos reais	43.821.040,00
Capítulo IX.- Variación de pasivos financeiros	4.647.730,00

2. NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

DOS GASTOS DE PERSOAL

Artigo 1º

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispón a Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma Galega. Os custos de persoal docente e investigador, así como os de administración e servizos, deberá ser autorizados pola Comunidade Autónoma. Os proxectos de disposicións que creen ou modifiquen a estrutura orgánica da universidade ou os cambios das relacións de postos de traballo non derivadas dunha nova estrutura orgánica, incluíndo o seu custo, remitiranse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coas instrucións que esta fixe para a autorización dos custos pola Comunidade Autónoma.

2. As contratacións de persoal para substitucións de vacantes, baixas por enfermidade ou outras causas serán financiadas con cargo aos créditos dos correspondentes cadros de persoal sempre que exista crédito dispoñible. A estes efectos a Xerencia dictará as instrucións necesarias para asegurar o control orzamentario na xestión dos créditos correspondentes.
3. Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos.
4. A xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá os cargos internos correspondentes.
5. Terán a consideración de créditos ampliables os créditos para o pagamento dos gastos de mérito docente, produtividade investigadora, complemento retributivo autonómico, prazas asociadas SERGAS, complemento asistencial Rof-Codina, trienios, formación PAS e seguridade social.
6. Inclúense no capítulo I os créditos destinados ao financiamento dos planos de formación do Persoal de Administración e Servizos, así como os correspondentes á achega da universidade ao plano de pensións e seguros do persoal.
7. A Xerencia establecerá o procedemento para o seguimento da execución do Capítulo 1.

DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

Artigo 2º

1. Os créditos autorizados teñen carácter vinculante e limitativo a nivel de concepto. Sen embargo, os créditos destinados a gastos de persoal terán carácter vinculante a nivel de capítulo, agás o artigo 15 (gratificacións e produtividade). Os investimentos reais, activos e pasivos financeiros terán carácter vinculante a nivel de artigo. Os gastos en bens correntes e servizos terán carácter vinculante a nivel de capítulo.
2. Con carácter xeral terán carácter vinculantes os créditos con financiamento específico, e, a nivel de subconcepto, as subvencións nominativas.
3. Non se poderán adquirir compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados no estado de gastos e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan esta norma, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.
4. Os créditos asignados polo Consello de Goberno e o Consello Social ás Facultades, Escola Politécnica Superior e Escolas Universitarias terán por finalidade financiar os gastos da docencia, así como tamén aqueles gastos que son necesarios para o funcionamento ordinario do Centro. Namentres non se efectúe a distribución por centro destes créditos de acordo cos criterios establecidos, consignarase como crédito inicial dispoñible para cada centro o 75% do orzamento destas partidas segundo os criterios de reparto de 2006 redondeado a múltiplos de 10, quedando a diferenza global orzamentada nun fondo de reparto a distribuír con posterioridade.

5. Os créditos distribuídos aos departamentos teñen como primeiro obxectivo atender os gastos derivados da investigación que se faga neles, e deberán financiar, ademais, outros gastos asociados ao funcionamento ordinario dos mesmos.
6. Non se poderá contratar persoal ou nomear bolseiros con cargo aos créditos dos departamentos.
7. As partidas orzamentarias do orzamento para o 2007 preséntanse de acordo coas clasificacións económica, funcional e orgánica, sen establecer vinculacións xurídicas dentro da clasificación funcional.
8. Os Responsables de Asuntos Económicos deberán facer as retencións de crédito e sucesivos axustes dos gastos correspondentes ás nóminas de persoal contratado con cargo a créditos financiados con achegas específicas conforme lle sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.
9. A dotación de anualidades ou novas partidas orzamentarias para contratos, convenios, proxectos e infraestruturas de investigación realizaranse pola Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT) con distribución desde as partidas xenéricas 8050.2000.62300 (infraestruturas) 8050.2000.64100 (proxectos) e 8050.2000.64100 (contratos e convenios). O importe dotado corresponderase coa anualidade indicada na resolución da correspondente subvención e, no caso de prestación de servizos, co importe da facturación prevista para 2007. No caso de que as dotacións a realizar superen o importe das referidas partidas efectuarase a correspondente xeración de crédito. A comunicación das dotacións orzamentarias que efectúa a OIT aos directores dos centros de gasto e responsables de asuntos económicos é plenamente operativa, sen que sexa precisa a comunicación polo Servizo de Contabilidade e Orzamentos.
